

ENCONTROS NA TERCEIRA FASE

Steven Spielberg, 1977

1801

ESTREA EN NUMAX: 03.08.2026 | V.O.S.E. | 132 min

Unha noite, preto da súa casa, en Indiana, Roy Neary observa no ceo uns misteriosos obxectos voadores. Desde entón vive tan obsesionado por comprender o que viu que se distancia até da súa esposa. Atopa apoio nunha muller que tamén foi testemuña dos mesmos feitos, e xuntos tentan atopar unha resposta ao misterio que alterou as súas vidas. Ao mesmo tempo, un nutrido grupo de científicos internacionais comeza a investigar as aparicións de ovnis e outros estraños fenómenos na zona.

«Clásico do cinema fantástico que confirma a súa orixinalidade e validez co paso dous anos»

Antonio Albert, CINEMANÍA



O fenómeno ovni

José Antonio Martín

A película ábrese ao grande cun espectacular achado no deserto de Sonora, onde un grupo de científicos atopa uns avións da Segunda Guerra Mundial intactos, coma se o tempo se detivese para eles. A continuación, un cargueiro aparece no deserto de Gobi. Definitivamente, algo que escapa á nosa razón está a suceder e Spielberg chamou a nosa atención cun leve asubío. Cousa de xenios. Como o público non se identificaría nunca cos científicos ou os homes do goberno que tratan de ocultar estes fenómenos ovni, a historia céntrase nun home tan común como Roy Neary, traballador da compañía eléctrica e desastroso pai de familia. A súa vida dará un xiro de 180° cando sexa testemuña dun destes avistamentos. A partir dese momento decisivo na súa vida, Neary obsesiónase co que parece ser un futuro encontro que se está a planear en segredo, entre a humanidade e os seres doutro planeta.

Encontros na terceira fase supón un paso decisivo dentro do xénero, presentando por unha vez a uns extraterrestres completamente afastados ao que viramos no cinema ata entón. Esta vez non veñen invadirnos ou a destruír A Terra, senón a coñecemos, intercambiar coñecementos e culturas. Sen dúbida, un achegamento en grao sumo realista e anovador ao fenómeno ovni. As naves espaciais xa non son os típicos pratos voantes das películas dos anos 50, senón unhas enormes e sofisticadas máquinas cheas de luces e sons cos que tentan comunicarse connosco. Neste aspecto, os efectos visuais de Douglas Trumbull son magníficos, do mesmo xeito que o deseño das criaturas creadas por Carlo Rambaldi. Uns extraterrestres baixiños e cabezóns que, curiosamente, foron interpretados por nenas disfrazadas, aínda que se tivo que crear un boneco articulado para o alieníxena que saúda coa man. Esta creación foi un adianto do que Rambaldi e Spielberg desenvolverían cinco anos despois en *E.T. o Extraterrestre*. A banda sonora correu a cargo dun habitual do cinema do director, John Williams, que cos cinco notas musicais máis famosas da historia do cine, conseguiu un nomeamento ao Óscar.

Encontros na terceira fase pode considerarse unha fusión perfecta entre o Spielberg máis reflexivo e o máis comercial. Non se trata dunha fantasía de fermoso envoltorio e baleira de ideas. Ten entretemento maiúsculo e unha cantidade enorme de efectos especiais, pero sempre ao servizo dunha historia interesante e salpicada de apuntamentos científicos, filosóficos, humanistas e relixiosos. Certas críticas moi valiosas contra a capacidade do goberno para ocultar aos cidadáns unha información tan delicada ou o fanatismo que poden alcanzar algúns individuos ante un fenómeno destas características, outórganlle máis profundidade á trama. Sorprende o reputadísimo director francés François Truffaut interpretando o papel de Claude Lacombe, científico que dirixe a misión de contactar cos visitantes. Díxose que esta fichaxe foi un intento por parte de Spielberg de mellorar a súa imaxe entre o público europeo, que o consideraba un simple realizador comercial. E para os que adoramos ao Spielberg máxico, o que soubo cultivar o sentido do espectáculo e a marabilla como ninguén durante os 70 e 80, resérvanos varias escenas para o recordo. Especialmente terrorífico é o momento en casa de Jillian onde todos os electrodomésticos e xoguets da casa comezan a funcionar sós como por encantamento e unha luz inmensa penetra por baixo da porta. Toda a escena ten unha compoñente paranormal que lembra moito ao doutro éxito de Spielberg (esta vez como produtor e guionista), *Poltergeist* (1982).